

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
QUI	Química	CMQUI02	Operacións de laboratorio	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1255	Operacións de análise química	2018/2019	7	156	156
MP1255_12	Análise química clásica	2018/2019	7	74	74
MP1255_22	Análise instrumental	2018/2019	7	82	82

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ROSA MARÍA DOMÍNGUEZ GRELA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Os alumnos do Ciclo Medio de Operacións de Laboratorio exercerán a súa actividade en empresas e laboratorios de distintos sectores onde cumpra tomar mostras, realizar ensaios físicos e fisicoquímicos, análises químicas e microbiolóxicas, e manter operativos os equipamentos e as instalacións auxiliares que se orienten ao control de calidade.

Os principais sectores en que pode desenvolver a súa actividade son:

- Industria química, nas áreas de almacén e laboratorios de control de calidade.
- Outras industrias que requiran procesos fisicoquímicos, como son a agroalimentaria, farmacéutica, de construción, metalúrxica, mecánica, electrónica, téxtil, transformadora de plásticos e caucho, etc.
- Laboratorios en xeral, de organismos públicos ou de empresas privadas.

No entorno produtivo do contorno de Santiago de Compostela, donde se sitúa este centro de formación, existen un número importante de empresas do sector primario (lácteo, vitivinícola, piscícola, cárnico, acuícola, etc) nas que se realiza control de calidade dos produtos que fabrican. Por outra banda estamos nunha zona onde existen laboratorios de investigación punteiros relacionados coa USC e con unha importante infraestrutura hospitalaria e médica, na que se demandan cada vez máis estes especialistas.

No currículo do título de técnico en Operacións de Laboratorio, recóllese como competencia xeral do mesmo a de realizar tomas de mostras, ensaios de materiais, análises fisicoquímicas, químicas e biolóxicas, aplicando procedementos normalizados e mantendo operativos os equipamentos e as instalacións de servizos auxiliares, consonte as normas de calidade e prevención de riscos laborais, e de protección ambiental. Para conseguir acadar esta competencia xeral e preciso conseguir o dominio dunha serie de competencias profesionais, persoais e sociais; das que este módulo dá cobertura as seguintes:

- b) Por en marcha os equipamentos, verificando a súa operatividade e a dos servizos auxiliares, así como a dispoñibilidade de materias e produtos, segundo os procedementos establecidos.
- c) Realizar o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos e das instalacións auxiliares, comprobando que estean en condicións idóneas de operación.
- d) Preparar as mesturas e as disolucións necesarias, cumprindo normas de calidade, prevención de riscos e seguridade ambiental.
- f) Preparar a mostra para a análise, seguindo procedementos normalizados e adecuandoa á técnica que cumpra utilizar.
- h) Realizar análises químicas ou microbiolóxicas, seguindo procedementos establecidos e cumprindo normas de calidade, prevención de riscos e protección ambiental.
- k) Realizar o envasado e a etiquetaxe dos produtos, seguindo normas de seguridade ambientais.
- m) Manter a limpeza e a orde no posto de traballo, cumprindo as normas de boas prácticas de laboratorio (BPL) e os requisitos de saúde laboral.
- n) Asegurar o cumprimento das normas e as medidas de protección ambiental e prevención de riscos laborais en todas as actividades que se realicen no laboratorio.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			Resultados de aprendizaxe			
					125512			125522			
					RA1	RA2	RA3	RA1	RA2	RA3	
1	Introdución á análise química	Unidade de introdución á química analítica, e de repaso dos métodos de expresar as concentracións das disolucións.	12	10	X						
2	Equilibrios en disolución	Unidade de estudo das distintas reaccións que sirven de base aos métodos da análise química	16	10	X						
3	Técnicas de análise volumétrico	Estudio dos métodos de análise volumétricos	28	15	X	X					
4	Técnicas de análise gravimétrico	Estudio dos métodos de análise gravimétricos	18	15	X		X				
5	Cálculos na análise instrumental	Unidade de introdución ao análise intrumental, donde se verán os métodos de calibrado e os cálculos.	7	5				X	X	X	
6	Métodos electroquímicos	Estudio dos métodos electroquímicos de análise	25	15				X			
7	Métodos espectrofotométricos	Estudio dos métodos espectrofotométricos de análise	25	15					X		
8	Métodos cromatográficos	Estudio dos métodos cromatográficos de análise	25	15							X
Total:			156								



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introdución á análise química	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica as técnicas para a análise química e describe os seus principios básicos	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer distintos conceptos relacionados coa química analítica (mostra, analito, matriz, interferencia,...) 1.2 Coñecer e definir as principais características dos métodos da análise clásica 1.3 Clasificar as análises en función da cantidade de analito presente na mostra 1.4 Establecer os pasos a seguir na realización dunha análise	1	Que é a química analítica?	2,0
2.1 Coñecer as formas de expresar a concentración dunha disolución máis comúns na química analítica 2.2 Saber calcular a cantidade de reactivo (sólido ou líquido) necesaria para a preparación de disolucións de concentración coñecida 2.3 Saber realizar a conversión dunhas unidades de concentración en outras	2	Recordo como se expresa a concentración das disolucións	4,0
3.1 Definir as propiedades analíticas de exactitude, precisión, sensibilidade e selectividade 3.2 Aplicar a Q de Dixon para o rexeite de datos sospeitosos nas réplicas das análises 3.3 Aplicar a t de Student para o cálculo de intervalos de confianza 3.4 Expresar os resultados das análises de maneira correcta 3.5 Aprender a elaborar informes de análise	3	Como se elabora un informe de análise?	3,0
4.1 Aprender boas prácticas de pesaxe 4.2 Recoñecer o material de uso común nun laboratorio de química analítica 4.3 Familiarizarse co manexo do material volumétrico 4.4 Familiarizarse co concepto de erro ou incertidume no proceso de medida	4	Mide realmente a miña bureta o que indica?	3,0
TOTAL			12

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
-------------------------	----------------------------	-------------------	------------------------



Critérios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Caracterizáronse os elementos principais que conforman o laboratorio químico	● OU.1 - Rúbrica 2 para avaliar mapas conceptuales	N	4
CA1.2 Relaciónáronse os tipos de análise coas escalas de traballo	● OU.2 - Rúbrica 2 para avaliar mapas conceptuales	N	3
CA1.3 Diferenciouse a análise cualitativa da cuantitativa	● OU.3 - Rúbrica 2 para avaliar mapas conceptuales	N	3
CA1.4 Preparáronse os reactivos na concentración indicada			0
CA1.4.1 Repasáronse as distintas formas de expresar a concentración das disolucións	● PE.1 - Os contidos da unidade	S	25
CA1.4.2 Realizaronse os cálculos de reactivos necesarios para preparar disolucións de concentración indicada	● PE.2 - Os contidos da unidade	S	25
CA1.5 Comprobouse a calibración dos aparellos	● OU.4 - Rúbrica 1 de avaliación de prácticas	N	10
CA1.6 Seleccionáronse as técnicas de limpeza do material	● OU.5 - Rúbrica 1 de avaliación de prácticas	N	10
CA1.11 Estableceuse a maneira correcta de expresar os resultados das análises	● PE.3 - Os contidos da unidade na PE.1	S	20
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Laboratorio químico: estrutura e material.</p> <p>Formas de expresar a concentración dunha disolución</p> <p>Tipos de análise.</p> <p>Exactitude, precisión, sensibilidade e selectividade en análises químicas.</p> <p>Limpeza do material.</p> <p>Calibración de aparellos volumétricos.</p> <p>Medidas de masas e volumes.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade (título e descrición)						



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	
Que é a química analítica? - Unidade inicial do módulo na que se introducirán conceptos relacionados coa química analítica.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación comentada, en donde se definen algúns termos relacionados coa química analítica e se clasifican os tipos de análises segundo a información que se pretende obter deles e segundo a cantidade de analito na mostra. E definición das propiedades que caracterizan os resultados dunha análise 	<ul style="list-style-type: none"> Creación dun mapa conceptual para reflexionar sobre os contidos explicados, utilizando na medida do posible algunha aplicación en rede como por exemplo: Google 	<ul style="list-style-type: none"> Mapa conceptual sobre os métodos analíticos e a súa clasificación 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector e ordenador de aula Sala de informática para a realización do mapa conceptual 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Rúbrica 2 para avaliar mapas conceptuales OU.2 - Rúbrica 2 para avaliar mapas conceptuales OU.3 - Rúbrica 2 para avaliar mapas conceptuales 	2,0
Recordo como se expresa a concentración das disolucións - As disolucións foron estudadas en primeiro, máis debido a súa importancia na química analítica considero que é necesario realizar un repaso tanto a forma de expresar a súa concentración como a súa preparación.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación por parte dos profesores das distintas formas nas que se adoita expresar as concentracións das disolucións no ámbito da análise química 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dun cuestionario de afianzamento dos conceptos anteriores, plantexado na aula virtual Resolución de problemas de cálculo de concentracións de disolucións 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario sobre formas de expresar a concentración dunha disolución resolto Boletíns de problemas de cálculo de concentracións resoltos no caderno 	<ul style="list-style-type: none"> Cañón e ordenador de aula Boletíns de problemas propostos Calculadora Cuestionario proposto na aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Os contidos da unidade 	4,0
Como se elabora un informe de análise? - Os informes de resultados ou de análise son moi importantes	<ul style="list-style-type: none"> Explicación de conceptos relacionados coa calidade dos resultados como exactitude, precisión, selectividade e sensibilidade. Explicación por parte do profesor de como se presentan os resultados das análises mediante o cálculo de límites de confianza, e explicación dos criterios 2s e Q de Dixon para a aceptación e rexeitamento de datos sospeitosos 	<ul style="list-style-type: none"> Tratamento de datos de supostos prácticos para dar un resultado correcto de análise 	<ul style="list-style-type: none"> Resultados de análise expresados correctamente no caderno de clase 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado e tiza Supostos prácticos plantexados Calculadora 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Os contidos da unidade PE.3 - Os contidos da unidade na PE.1 	3,0
Mide realmente a miña bureta o que indica? - Co obxectivo de que os alumnos coñezan e se familiaricen co material de laboratorio e o concepto de erro nas medidas realízase unha práctica de calibración de material volumétrico.	<ul style="list-style-type: none"> Breve explicación do procedemento a seguir e supevisación do traballo do alumnado 	<ul style="list-style-type: none"> Realización dunha práctica de calibrado de material volumétrico. 	<ul style="list-style-type: none"> Informe de calibración do material volumétrico no caderno de laboratorio 	<ul style="list-style-type: none"> Material volumétrico para calibrar, balanza, e demais material necesario Guión de prácticas 	<ul style="list-style-type: none"> OU.4 - Rúbrica 1 de avaliación de prácticas OU.5 - Rúbrica 1 de avaliación de prácticas PE.2 - Os contidos da unidade 	3,0
TOTAL						12,0



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Equilibrios en disolución	16

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica as técnicas para a análise química e describe os seus principios básicos	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as características de ácidos e bases 1.2 Coñecer as teorías ácido-base de Arrhenius e Brønsted-Lowry 1.3 Definir o concepto de pH e pOH e relacionalos co produto iónico da auga 1.4 Coñecer os conceptos de hidrólise e disolución tampón 1.5 Realizar cálculos de aplicación dos conceptos anteriores	1	Equilibrios ácido-base	7,0
2.2 Definir oxidante e reductor 2.1 Identificar as reaccións de oxidación-redución en disolución 2.3 Saber calcular o estado de oxidación dun elemento químico 2.4 Saber realizar o axuste de ecuacións redox polo método do ión-electrón	2	Equilibrios de oxidación-redución	4,0
3.1 Definir solubilidade dunha sustancia 3.2 Comprender o concepto de produto de solubilidade e relacionado coa solubilidade dunha sal 3.3 Realizar cálculos de aplicación do concepto de produto de solubilidade 3.4 Ser capaz de predecir si imos obter algún precipitado nunha reacción. 3.5 Comprender o concepto de ion complexo ou composto de coordinación 3.6 Comprender o concepto de constante de formación do complexo	3	Equilibrios de precipitación e formación de complexos	5,0
TOTAL			16

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.10 Estableceuse o fundamento das reaccións nas que se basean os métodos da análise clásica			0
CA1.10.1 Estudáronse as reaccións ácido-base	• PE.1 - Os contidos da UD	S	34



Crterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.10.2 Estudáronse as reaccións de oxidación redución	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Os contidos da UD 	S	33
CA1.10.3 Estudáronse as reaccións de precipitación e formación de complexos	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Os contidos da UD 	S	33
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Equilibrios en disolución</p> <p>Reaccions de neutralización ácido-base</p> <p>Reaccións de oxidación-reducción</p> <p>Reaccións de precipitación e formación de complexos</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Equilibrios ácido-base - Estudio das reaccións de transferencia de protóns, base das volumetrías ácido-base	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das distintas teorías ácido-base, dos conceptos de pH, pOH e produto iónico da auga, disolucións reguladoras e hidrólise, coa axuda dunha presentación de power-point 	<ul style="list-style-type: none"> Aplicación dos conceptos explicados á resolución de dun boletín de problemas sobre cálculos ácido-base. 	<ul style="list-style-type: none"> Problemas de cálculos ácido-base resoltos no caderno 	<ul style="list-style-type: none"> Cañon e ordenador de aula Boletín de problemas de cálculos ácido-base propostos Calculadora 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Os contidos da UD 	7,0
Equilibrios de oxidación-reducción - Estudio das reaccións de transferencia de electróns, base das volumetrías redox	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do proceso de oxidación-reducción, dos conceptos de oxidante e reductor e axuste de ecuacións redox polo método do ión-electrón 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado axustará algunhas reaccións redox propostas, tanto en medio ácido como en medio básico 	<ul style="list-style-type: none"> Reaccións redox axustadas no caderno 	<ul style="list-style-type: none"> Presentación de power-point, canon e proxector Boletín con reaccións redox para axustar 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Os contidos da UD 	4,0
Equilibrios de precipitación e formación de complexos - Estudio das reaccións de precipitación e formación de complexos, base das volumetrías de precipitación e complexometrías e base tamén das gravimetrías	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do profesor sobre os conceptos de solubilidade e formación de complexos, e sobre os seus correspondentes equilibrios. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dun boletín de problemas de aplicación sobre os equilibrios de solubilidade e formación de complexos 	<ul style="list-style-type: none"> Problemas sobre equilibrios de solubilidade e formación de complexos resoltos no caderno 	<ul style="list-style-type: none"> Presentación de power-point, canon e proxector Calculadora Boletín de problemas sobre equilibrios de precipitación e formación de complexos. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Os contidos da UD 	5,0
TOTAL						16,0



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Técnicas de análise volumétrico	28

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica as técnicas para a análise química e describe os seus principios básicos	NO
RA2 - Realiza análises volumétricas, aplicando o procedemento establecido	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Definir as volumetrías e clasificalas en función da reacción na que se fundamentan 1.2 Distinguir entre punto final e punto de equivalencia nas volumetrías, establecendo a relación destes conceptos co erro volumétrico 1.3 Establecer os pasos a seguir para para levar a cabo unha volumetría en calquera das súas variantes: directas, indirectas e por retroceso 1.4 Saber realizar cálculos para obter resultados na análise volumétrica 1.5 Definir disolución patrón, distinguindo entre patróns primarios e secundarios 1.6 Definir os indicadores e establecer a necesidade de empregalos para marcar o punto final nas volumetrías	1	Introducción aos métodos volumétricos de análise	10,0
2.1 Seleccionar, preparar e manter en bo estado os materiais e equipos 2.2 Identificar as diferentes técnicas volumétricas analizando as súas vantaxes e aplicacións 2.3 Analizar e interpretar os datos obtidos e avaliar os resultados da análise 2.4 Contemplar medidas de protección ambiental e de PRL aplicando a normativa axeitada.	2	Realización de prácticas de análise volumétrico	18,0
TOTAL			28

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.4 Preparáronse os reactivos na concentración indicada			0
CA1.4.2 Realizaronse os cálculos de reactivos necesarios para preparar disolucións de concentración indicada	• PE.1 - Os contidos da UD	S	15
CA1.4.3 Prepáronse disolucións de reactivos nas concentracións requeridas para aplicar procedementos de análise	• OU.1 - Rúbrica 1 para avaliación de prácticas	N	4
CA1.7 Identifícanse os datos e as operacións, e secuenciouse e organizouse o seu traballo baixo a supervisión da persoa responsable inmediata	• OU.2 - Rúbrica 1 para avaliación de prácticas	N	4
CA1.9 Valorouse a orde e a limpeza na realización das análises	• OU.3 - Rúbrica 1 para avaliación de prácticas	N	3
CA2.1 Describiuse o procedemento xeral dunha volumetría	• PE.2 - Os contidos da unidade	S	10



Critérios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.2 Diferenciáronse os tipos de volumetrías	● PE.3 - Os contidos da unidade	S	10
CA2.3 Seleccionáronse os materiais e os reactivos necesarios para a súa determinación	● OU.4 - Rúbrica 1 de avaliación de prácticas	N	4
CA2.4 Determináronse os puntos de equivalencia da valoración			0
CA2.4.1 Seleccionouse o indicador máis axeitado ao método aplicado	● PE.4 - Os contidos da UD	S	10
CA2.4.2 Utilizouse o indicador máis axeitado á volumetría realizada	● OU.5 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas	N	3
CA2.5 Aplicáronse as indicacións dos métodos analíticos establecidos na determinación do parámetro e do produto	● OU.6 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas	N	3
CA2.6 Anotáronse os volumes consumidos durante a análise e realizouse o cálculo indicado no procedemento			0
CA2.6.1 Anotáronse os volumes consumidos durante a análise	● OU.7 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas	N	3
CA2.6.2 Realizouse o cálculo indicado no procedemento	● PE.5 - Os contidos da UD	S	15
CA2.7 Expresouse o resultado nas unidades adecuadas e rexistrouse nos soportes establecidos	● PE.6 - Os contidos da UD	S	10
CA2.8 Comunicouse calquera resultado que non corresponda coas previsións	● OU.8 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas	N	3
CA2.9 Aplicáronse as normas de calidade, saúde laboral e protección ambiental	● OU.9 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas	N	3
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Metodoloxía de elaboración de informes. Confidencialidade no tratamento dos resultados.</p> <p>Valoración de disolucións.</p> <p>Planificación na realización das análises químicas para rendibilizar o tempo.</p> <p>Procedemento xeral. Cálculos.</p> <p>Volumetrías. Conceptos xerais e procedemento de realización</p> <p>Cálculos na análise volumétrica</p> <p>Volumetrías ácido-base (curvas de valoración: punto de equivalencia; indicadores), redox, complexométricas e de precipitación.</p> <p>Clasificación das volumetrías segundo a reacción na que se basea</p> <p>Indicadores. Funcionamento dos indicadores ácido-base: curvas de valoración.</p> <p>Aplicacións de diferentes volumetrías.</p>

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Introducción aos métodos volumétricos de análise	<ul style="list-style-type: none"> O profesor explica coa axuda dunha presentación os fundamentos dos métodos volumétricos, a súa clasificación e os cálculos necesarios para obter resultados de análise despois de aplicar este método O profesor establece o concepto de disolución patrón e explica as diferencias entre patróns primarios e secundarios Para introducir o concepto de indicador o profesor propón o cálculo do pH despois de engadir distintos volumes de valorante, co obxectivo de comprobar como varia o pH ao longo da volumetría. De seguido expón o funcionamento dos indicadores ácido-base e as normas para a escolla do indicador axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado resolve uns supostos prácticos propostos polo profesor para practicar os cálculos na análise volumétrica Busqueda de información sobre algunha sustancia empregada como patrón nas volumétrías: para que se emprega, se é primario ou secundario e como se estandariza no caso de que sexa secundario. Logo entregará un breve informe no Moodle 	<ul style="list-style-type: none"> Supostos prácticos de análise volumétrico resoltos Informe sobre un patrón volumétrico entregado na aula virtual 	<ul style="list-style-type: none"> Boletín de supostos prácticos propostos Cañón e ordenador de aula Aula de informática con conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Os contidos da unidade PE.3 - Os contidos da unidade PE.4 - Os contidos da UD PE.5 - Os contidos da UD PE.6 - Os contidos da UD 	10,0
Realización de prácticas de análise volumétrico		<ul style="list-style-type: none"> Realización de prácticas de volumétrías 	<ul style="list-style-type: none"> Anotacións no caderno de laboratorio Informes de análise das prácticas 	<ul style="list-style-type: none"> Procedementos de análise Material diverso de laboratorio e reactivos 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Rúbrica 1 para avaliación de prácticas OU.2 - Rúbrica 1 para avaliación de prácticas OU.3 - Rúbrica 1 para avaliación de prácticas OU.4 - Rúbrica 1 de avaliación de prácticas OU.5 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas OU.6 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas OU.7 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas OU.8 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas OU.9 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas PE.5 - Os contidos da UD PE.6 - Os contidos da UD 	18,0
TOTAL						28,0



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Técnicas de análise gravimétrico	18

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica as técnicas para a análise química e describe os seus principios básicos	NO
RA3 - Realiza determinacións gravimétricas, seguindo o procedemento normalizado de traballo	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as características que definen unha análise gravimétrica 1.2 Clasificar as gravimetrías de acordo co método de aillamento do analito 1.3 Coñecer o vocabulario relativo aos materiais utilizados nos distintos tipos de gravimetrías 1.4 Adquirir habilidade nos cálculos gravimétricos mediante o método estequiométrico 1.5 Coñecer e calcular o factor gravimétrico e aplicalo aos cálculos gravimétricos 1.6 Comprender o mecanismo do ión común 1.7 Entender as condicións óptimas de formación de precipitados válidos na gravimetría de precipitación	1	Introdución ao análise gravimétrico	6,0
2.1 Seleccionar, preparar e manter en bo estado os materiais e equipos necesarios 2.2 Identificar as diferentes técnicas analíticas, analizando as súas vantaxes e aplicacións para realizar ensaios e análises 2.3 Analizar e interpretar os datos obtidos e avaliar os resultados da análise 2.4 Contemplar medidas de protección ambiental e de PRL aplicando a normativa axeitada	2	Prácticas de análise gravimétrica	12,0
TOTAL			18

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.4 Preparáronse os reactivos na concentración indicada			0
CA1.4.2 Realizáronse os cálculos de reactivos necesarios para preparar disolucións de concentración indicada	● PE.1 - Os contidos da unidade	S	20
CA1.4.3 Prepáronse disolucións de reactivos nas concentracións requiridas para aplicar procedementos de análise	● OU.1 - Rúbrica 1 para avaliación de prácticas	N	5
CA1.7 Identifícaronse os datos e as operacións, e secuenciouse e organizouse o seu traballo baixo a supervisión da persoa responsable inmediata	● OU.2 - Rúbrica 1 para avaliación de prácticas	N	5
CA1.9 Valorouse a orde e a limpeza na realización das análises	● OU.3 - Rúbrica 1 para avaliación de prácticas	N	5



Critérios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Caracterizáronse os tipos de gravimetrías	• PE.2 - Os contidos da unidade	S	15
CA3.2 Caracterizáronse as formas de separar un precipitado	• PE.3 - Os contidos da unidade	S	15
CA3.3 Seleccionáronse os materiais e os reactivos necesarios para a súa determinación	• OU.4 - Rúbrica 1 de avaliación de prácticas	N	3
CA3.4 Seguíronse as indicacións do procedemento	• OU.5 - Rúbrica 1 de avaliación de prácticas	N	3
CA3.5 Obtívose a concentración final do analito nas unidades adecuadas, a partir dos cálculos correspondentes	• PE.4 - Os contidos da unidade	S	20
CA3.6 Rexistráronse os datos nos soportes axeitados, indicando as referencias necesarias	• OU.6 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas	N	3
CA3.7 Respectouse a evidencia dos resultados obtidos na análise	• OU.7 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas	N	3
CA3.8 Aplicáronse as normas de calidade, saúde laboral e protección ambiental	• OU.8 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas	N	3
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Metodoloxía de elaboración de informes. Confidencialidade no tratamento dos resultados.</p> <p>Planificación na realización das análises químicas para rendibilizar o tempo.</p> <p>Tipos de gravimetrías: cálculos.</p> <p>Conceptos xerais de gravimetría: avellentamento de precipitacións; coprecipitación.</p> <p>Técnicas de separación de precipitacións.</p> <p>Aplicacións das análises gravimétricos.</p>

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Introdución ao análise gravimétrico - Actividade de introdución ao análise gravimétrico	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación donde se explican as características do análise gravimétrico, e o procedemento para obter un bo precipitado neste tipo de análises 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización dun mapa conceptual sobre os contidos tratados 	<ul style="list-style-type: none"> • Mapa conceptual sobre as gravimetrías 	<ul style="list-style-type: none"> • Cañón e ordenador de aula 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.2 - Os contidos da unidade • PE.3 - Os contidos da unidade • PE.4 - Os contidos da unidade 	6,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Prácticas de análise gravimétrica - Realización de prácticas de análise gravimétrica		<ul style="list-style-type: none"> Realización de prácticas de volumetrías 	<ul style="list-style-type: none"> Anotacións no caderno de laboratorio Informe de análise das prácticas 	<ul style="list-style-type: none"> Reactivos e material diverso de laboratorio Procedementos de análise para a realización das prácticas 	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - Rúbrica 1 para avaliación de prácticas OU.3 - Rúbrica 1 para avaliación de prácticas OU.4 - Rúbrica 1 de avaliación de prácticas OU.5 - Rúbrica 1 de avaliación de prácticas OU.6 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas OU.7 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas OU.8 - Rúbrica 1 para a avaliación das prácticas PE.4 - Os contidos da unidade 	12,0
TOTAL						18,0



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Cálculos na análise instrumental	7

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica técnicas electroquímicas, utilizando os procedementos establecidos de traballo	NO
RA2 - Aplica técnicas espectrofotométricas, seguindo os procedementos establecidos de traballo	NO
RA3 - Aplica técnicas de separación, utilizando o procedemento establecido de traballo	NO

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as características dos métodos da análise instrumental que os distinguen dos métodos de análise clásica e fan necesario o emprego de rectas de calibrado 1.2 Saber realizar a regresión por mínimos cadrados empregando unha calculadora. 1.3 Saber realizar a regresión por mínimos cadrados empregando unha folla de cálculo 1.4 Coñecer os distintos métodos de calibrado que se usan na análise instrumental 1.5 Extraer datos das gráficas resultantes dos distintos métodos de calibrado 1.6 Coñecer o procedemento para determinar puntos finais en valoracións empregando métodos instrumentais.	1	Cálculos na análise instrumental	7,0
TOTAL			7

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.10 Utilízase a folla de cálculo para obter os resultados da análise			0
CA1.10.1 Determináronse os puntos finais das volumetrías por métodos electroquímicos coa axuda das follas de cálculo	● PE.1 - Os contidos da UD	S	15
CA1.10.2 Aplicáronse métodos de calibrado as determinacións potenciométricas coa axuda das follas de cálculo	● PE.2 - Os contidos da UD	S	15
CA1.11 Comparáronse as técnicas da análise instrumental coas técnicas da análise clásica	● OU.1 - Rúbrica 3 para avaliación de mapas conceptuales	N	10
CA2.11 Utilízase a folla de cálculo para obter os resultados da análise nas determinacións espectrofotométricas	● PE.3 - Os contidos da UD	S	30
CA3.11 Utilízase a folla de cálculo para obter os resultados da análise por métodos cromatográficos	● PE.4 - Os contidos da UD	S	30
TOTAL			100

4.5.e) Contidos



Contidos
Parámetros instrumentais. Curvas de calibraxe.
Parámetros intrumentais nos métodos electroquímicos.
Métodos de calibrado nas determinacións potenciométricas
Interpolación. Uso de aplicacións informáticas.
Uso de follas de cálculo para a determinación de puntos de equivalencia nas volumetrías potenciométricas
Uso de follas de cálculo para realizar calibracións en potenciometría
Parámetros instrumentais espectrofotométricos. Curvas de calibraxe.
Uso de aplicacións informáticas para a obtención dos resultados de análise por métodos espectrofotométricos
Curvas de calibraxe nos métodos cromatográficos
Uso de aplicacións informáticas para obter datos cuantitativos nos métodos cromatográficos

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
